



PENDENTE DE APROBACIÓN

Alba Castro, José Luis  
 Albo López, M<sup>a</sup> Elena  
 Alfonso Pallarés, Miguel Ángel  
 Alonso Carrera, Jaime  
 Alonso Escontrela, M<sup>a</sup> Luisa  
 Álvarez Moreira, José Ángel  
 Álvarez Rodríguez, Rosana  
 Álvarez Villamarín, José C.  
 Araujo Otero, Uxía  
 Arévalo Tomé, Raquel  
 Arias Acuña, Alberto Marcos  
 Badaoui Fernández, Aida  
 Barcia Rodríguez, Ignacio  
 Barreal Díaz, Óscar  
 Barreiro García, Ramón  
 Basalo Domínguez, David  
 Baz Alonso, X. Daniel  
 Bernal Gómez, Rosa  
 Blanco García, Jesús  
 Blanco Pesqueira, Antonia  
 Bueno Alonso, Jorge Luis  
 Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> Carmen  
 Campos Casal, Jacobo  
 Carballo-Calero Ramos, M<sup>a</sup> Victoria  
 Casas Rodríguez, Héctor  
 Castro Oliva, Manuel  
 Cebro Rodríguez, Juan M.  
 Chamorro Rivas, José María  
 Cid Fernández, Xose Manuel  
 Cid Sabucedo, Alfonso  
 Cifuentes García, Ángel  
 Corbacho Suso, Patricia  
 Costas González, Xosé Henrique  
 De La Montaña Miguelez, Julia  
 De Oca Cancela, Guillermo  
 De Vicente Remesal, Javier  
 Del Val García, Jesús  
 Docampo Amoedo, Domingo  
 Domínguez Castro, Luis  
 Domínguez Santiago, M<sup>a</sup> Ángeles  
 Durany Castrillo, José  
 Estévez Toranzo, Margarita  
 Fernández Fernández, Federico  
 Fernández Gándara, Domingo  
 Fernández Iglesias, Manuel José  
 Fernández López, Francisco J.  
 Fernández López, Roberto Ignacio  
 Fernández Pequeño, Juan Antonio  
 Fernández Saborido, Anxo Manuel  
 Fernández Sobrino, Ramón A.  
 Ferreiroa Barros, Miguel  
 Forján Cid, Vanessa M<sup>a</sup>  
 Fraiz Brea, José Antonio  
 Gallego Veigas, Pedro  
 García Cutrín, Francisco J.  
 García Masegosa, Antonio  
 García Vázquez, José Manuel  
 Gil Martín, Emilio  
 Gil Villanueva, José M<sup>a</sup>  
 Gómez Durán, Artur  
 Gómez Gude, Jorge Juan  
 Gómez Reboiro, José Luis  
 González Cespón, José Luis  
 González Crespán, M<sup>a</sup> Araceli  
 González Martínez, Xosé Manuel  
 González Novas, Roberto  
 González Piñeiro, Manuel  
 González Vázquez, Encarnación  
 Hervés Beloso, Juan Pablo

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 14 de xuño de dous mil cinco, ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O, **martes, día 14 de xuño de 2005**, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do día 10 de novembro de 2004.
2. Informe do reitor.
3. Informe do Presidente do Tribunal de Garantías.
4. Debate e aprobación, se procede, da proposta dun novo calendario académico no EEES.
5. Aprobación, se procede, da proposta de equiparación do persoal docente a tempo completo procedente da antiga Escola Universitaria de Relacións Laborais, cos Titulares de Escola Universitaria a efectos de representación en órganos colexiados.
6. Aprobación, se procede, do proxecto de regulamento de profesorado elaborado pola comisión n<sup>o</sup> 3 do Claustro Universitario.
7. Elección das seguintes vacantes no Consello de Goberno:  
 Sector estudantes: 1.  
 Sector Decanos/Directores de centros, departamentos e Institutos Universitarios de Investigación: 4.
8. Elección do presidente do Tribunal de Garantías e dos seguintes postos vacantes no mesmo:  
 Sector profesores funcionarios doutores: 2.  
 Sector outro persoal docente e investigador: 1.  
 Sector estudantes: 1
9. Elección de representantes dos estudantes na mesa do Claustro e na Comisión electoral: un e dous postos vacantes respectivamente.

Iglesias Galán, M<sup>a</sup> Hilda  
 Iglesias Randulfe, M<sup>a</sup> Teresa  
 Jato Rodríguez, M<sup>a</sup> Verica  
 Labandeira Villot, Xavier  
 Lago Ferreira, Alfonso  
 Lago Teijeiro, Juan Miguel  
 Lanaja Del Busto, José M.  
 Lens Leiva, Jorge  
 Liz Marzán, Luis Manuel  
 Llamas Nistal, Martín  
 Loeck Hernández, Juan A.  
 López Mira, Alvaro Xosé  
 López Vidal, M<sup>a</sup> Del Pilar  
 López De Silanes Vázquez, M<sup>a</sup> Eugenia  
 Lorenzo Suárez, Anxo Manuel  
 Luna Alonso, Ana  
 Malvar Rodríguez, Ruth Lorena  
 Martí Pellón, Daniel  
 Martínez Álvarez, Natalia  
 Martínez Senra, Ana Isabel  
 Matias Fernández, José María  
 Mato De La Iglesia, Salustiano  
 Mazaira Castro, Andrés  
 Membiela Iglesia, Pedro  
 Méndez Franco, Óscar  
 Méndez Martínez, Gonzalo  
 Míguez Tabarés, José Luis  
 Nombela Castaño, Miguel Ángel  
 Orche García, Enrique  
 Ordóñez Galán, Celestino  
 Otero Camiña, José Luciano  
 Pajares Domínguez, Sergio  
 Palanca González, Mercedes  
 Pastrana Castro, Lorenzo Miguel  
 Pazó Martínez, M<sup>a</sup> Consuelo  
 Pérez Figueroa, Andrés  
 Pérez Gómez, Luis  
 Pérez Guerra, Javier  
 Pérez Reyes, Gabriel  
 Pérez Rodríguez, Fco. Javier  
 Pérez Sainz, Carlos  
 Pita Grandal, Ana M<sup>a</sup>  
 Prado Prado, José Carlos  
 Quintela Vilarino, Fco. José  
 Ramos Cabrer, Manuel  
 Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
 Rey García, Daniel  
 Rey Losada, Francisco Jesús  
 Rial Otero, Ángel  
 Rivas Conde, Filemón  
 Rodríguez Berrocal, Fco. Javier  
 Rodríguez Fuentes, Gustavo  
 Rodríguez Piñeiro, Ana M<sup>a</sup>  
 Rodríguez Seoane, María Pilar  
 Román Carreiro, Adrián  
 Sáez Tort, Alberto  
 Sánchez Bello, Patricio A.  
 Sánchez Bermúdez, Ángel  
 Santalla Del Río, Verónica  
 Santos García, José Santiago  
 Santos Justo, Mauro  
 Seoane Pampin-Montenegro, Anselmo  
 Suárez Pazos, Mercedes  
 Surís Regueiro, Juan C.  
 Tojo Suárez, José E.  
 Tojo Suárez, M<sup>a</sup> De La Concepción  
 Torres Vázquez, Luis  
 Troncoso Durán, Dolores  
 Valero Gutiérrez Del Olmo, Enrique  
 Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz  
 Varasa Paredes, Javier  
 Vázquez Gestal, Montserrat  
 Vázquez López, Ezequiel M.  
 Vázquez Nuñez, Fernando Antonio  
 Veloso Fernández, Óscar

10. Elección dos seguintes postos vacantes nas comisións encargadas de elaborar os regulamentos:
- Comisión nº 1 (Regulamento de réxime económico e contratación e Regulamento de PAS): 4 estudantes.
- Comisión nº 4 (Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia e Regulamento de institutos universitarios): 2 estudantes.
- Comisión nº 5 (Regulamento de centros e Regulamento de departamentos): 1 outro persoal docente e investigador e 1 estudante.
- Comisión nº 6 (Regulamento do tribunal de garantías e Regulamento de réxime disciplinario): 4 estudantes.
11. Rogos e preguntas.

**Punto 1.-** Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do día 10 de novembro de 2004.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.-** Informe do reitor.

- O reitor informa de que por primeira vez vaise grabar esta sesión do Claustro Universitario que será retransmitida por Uvigo-TV, o canal universitario de TV dixital.

- Sobre o novo catálogo de títulos o reitor informa do procedemento a seguir polos diferentes grupos de traballo e que se espera que a finais de mes estea elaborada a primeira proposta sobre a que a continuación empezará a traballar unha comisión nomeada polo ministerio.

Nos grupos de traballo nos que hai unha modificación maior e nos do ámbito de humanidades e no tecnolóxico. Hai temas que afectan especialmente a esta universidade:

- No ámbito científico, a desaparición de Ciencias do mar como título de grao. Non obedece a ningún criterio senón que foi o resultado dunha votación, parécelle tan inexplicable que cre que é imposible de manter por parte da comisión.

- No ámbito humanístico está o tema das filoloxías que aínda está sendo sometido a debate.

- En ciencias da saúde (que está incluído no ámbito científico) houbo poucos cambios agás que se inclúe o título de Ciencias da actividade física e do deporte.

Vera Isasa, María  
 Vila Alonso, Mercedes  
 Vila Fabello, M<sup>a</sup> Dolores  
 Vilas Martín, Federico

**DESCULPAN ASISTENCIA:**

Barreiro Alonso, Enrique  
 Pérez Teijeiro, José M.  
 Prada Blanco, Albino

- No ámbito tecnolóxico a subcomisión acordou previamente os criterios para elevar despois unha proposta. Acordouse que levaría 240 créditos incluídos os PFC e a oferta de títulos é similar á que apareceu na prensa.

- No referente á modificación da LOU non hai aínda ningunha proposta nin está previsto un calendario.

- En relación co EEES saíu unha convocatoria para impulsar e mobilizar a súa implantación por parte do Ministerio de educación apoiado nas comunidades autónomas e que aínda está sen resolver.

- No sorteo para a orde de intervención saíu a letra B.

**Punto 3.- Informe do Presidente do Tribunal de Garantías.**

O presidente do Tribunal de Garantías presenta o informe da actividade do mesmo durante o ano 2004 cuxo contido se estrutura en catro partes:

- Consultas, entrevistas e intervencións.
- Expedientes e actuacións de oficio.
- Informes colexiados dos valedores universitarios.
- Reflexións e conclusións.

Destaca que durante este ano aumentou o número de consultas pero diminuíu o número de queixas.

Sinala os temas máis recorrentes e comúns en todas as universidades españolas e que de todos eles o que maior número de intervencións provoca e a temática relacionada cos exames.

Indica que hai tres temas concretos que acapararon unha parte importante das actividades que levou a cabo o Tribunal de Garantías:

- asistencia a clase do alumnado,
- entrega de fotocopias de exames ao alumnado,
- revisión das cualificacións obtidas en teses de licenciatura ou proxectos de fin de carreira.

En relación co terceiro tema, e dado que non existe normativa particular sobre o mesmo nos estatutos da Universidade de Vigo, o Tribunal de Garantías considera que existe unha situación de indefensión nestes casos e solicita que o claustro dicte a normativa complementaria para resolver este tipo de situacións.

Intervén o reitor para resaltar o dato do aumento do número de consultas e da baixa do número de queixas polo que traslada o agradecemento da universidade ao Tribunal de Garantías.

Así mesmo felicítalo por esa proxección internacional e toma nota das recomendacións.

**Punto 4.-** Debate e aprobación, se procede, da proposta dun novo calendario académico no EEES.

Intervén o reitor para presentar a proposta do novo calendario académico no EEES; aborda os distintos aspectos que comprenden o “por qué”, o “para qué”, o “cómo” e o “cándo”.

Indica que o novo calendario é un instrumento máis no achegamento da converxencia no EEES, no que os ritmos de aprendizaxe deben ser adecuados e sobre todo ter en conta o traballo do estudante nese novo escenario.

Hai dúas cuestións fundamentais no calendario actual que poñen de manifesto que non é o instrumento adecuado para intentar acadar os obxectivos no novo contexto e son:

- A docencia no primeiro cuadrimestre vai máis alá do nadal.
- Está ligado á cultura do exame, é dicir, que o máis importante é o exame, non obstante, na nova filosofía o exame deixa de ser o tema único, pasando a ser prioritario e de máis importancia a aprendizaxe.

Trátase por tanto, de que os exames non se interpoñan no proceso de aprendizaxe polo que deben preceder ou suceder aos períodos vacacionais. Na proposta presentada faise unha simulación de calendario no que habería exames de todas as materias nas tres convocatorias, esta é unha posibilidade pero hai outras que xa están implantadas en outras universidades e que funcionan, o tema non está pechado.

Sobre cándo é mellor facer o cambio, está claro que hai un calendario moi amplo xa que non será de obriga ata o 2015, pero dado que para o curso próximo varios centros van comezar con experiencias piloto nos primeiros cursos podemos empezar a falar de qué pasos queremos dar neste sentido. Noutros países como en Francia xa hai unhas 20 universidades que están cambiando o calendario nesta dirección. En España a única universidade pública que deu un paso neste sentido foi a de Salamanca.

Na Universidade de Vigo fíxose un debate nos distintos órganos e principalmente cos estudantes, aínda que o novo calendario afectará sen dúbida aos tres estamentos. Trátase de que neste claustro podamos decidir cales van ser os niveis de traballo cara ao futuro. Non queremos ir sós nesta dirección, pero se a Universidade de Vigo aproba hoxe que quere seguir traballando no novo calendario, esta decisión vai influír nas outras dúas universidades galegas e no resto das universidades españolas.

Remata sinalando que se temos algún acordo amplo sobre o “por qué” e o “para qué” trataríase de que o “cómo” e o “cándo” non nos impidan seguir movéndonos.

Ábrese unha rolda de intervencións.

O señor Cebro opina que afecta en moitos aspectos, por unha banda nos dereitos laborais do persoal xa que implica modificación de horarios e quendas de vacacións, e por outra banda na xestión das matrículas, actas, etc. polo que solicita negociacións coa xunta de persoal laboral e funcionario e co persoal que está na xestión académica.

A señora Patricia Corbacho opina que o “por qué” e o “para qué” lle parecen ben, pero non o “cómo” e o “cándo” xa que opina que debemos ir todos xuntos. Pide ao reitor que retire o punto da orde do día.

O profesor Gallego (decano da Facultade de Bioloxía) fai unha intervención que se recolle no anexo I.

O señor Gómez Durán pide que se analicen e se intenten resolver as situacións traumáticas que se poden orixinar no sector do PAS e pide que se consulte con ese sector. Non está en contra do novo calendario pero gustaríalle que non se aprobara nada neste claustro e que se seguira estudando.

Á profesora López de Silanes parécelle ben o novo calendario pero velle inconvenientes xa que lle gustaría que houbera coordinación coas outras universidades e cos exames de selectividade, polo que cre que o tema aínda non está suficientemente traballado.

O profesor Nombela, decano da Facultade de Ciencias do mar, di que xa fai un ano empezou a falar por primeira vez do novo calendario no acto licenciatura de Ciencias do mar. Considera que ten unha serie de vantaxes como son:

- Racionaliza a actividade docente sen interrupcións e axústase ao espírito de Bolonia.
- Mellora os períodos de vacacións en canto á calidade aínda que non os alarga.
- Hai un período longo no mes de xuño no que os alumnos poden utilizar as titorías para preparar os exames.
- Non se reducen as convocatorias tema que se amplía xa que en cada período de exames os estudantes pódense examinar de todas as materias.

Por todo isto considera que os alumnos son os beneficiados e apoia a nova proposta aínda que entende que ten que ser consensuada e se o claustro da un grado de liberdade para que os centros que o desexen o implanten, el defenderá esta proposta no seu centro nunha Xunta de facultade extraordinaria.

O profesor Pastrana (vicedecano da Facultade de Ciencias de Ourense) di que desde o seu centro venlle moitas vantaxes ao novo calendario; xa empezaron a traballar nese tema hai uns meses e gustaríalles seguir avanzando.

O profesor Reigosa sabe que é difícil cambiar as cousas pero el considera que paga a pena facer algún cambio. Valora a proposta do reitor pero pensa que ten varios inconvenientes:

- O novo panorama educativo non está claro.
- Non ten 15 semanas por cuadrimestre.
- No ritmo de implantación deberíase contar coas outras dúas universidades do SUG e coa Consellería de educación polo tema da selectividade.

Por estes motivos a proposta concreta non lle gusta, pero si está de acordo con que se siga traballando e chegar a outra proposta con máis vantaxes.

O señor Román di que os CAF iniciaron a mediados de marzo un período de negociacións sobre este tema e desde o primeiro momento lles pareceu positivo, celebraron varias asembleas para tratar o tema pero con resultados moi dispares. Comprometéronse a defender no claustro o posicionamento do alumnado nas diferentes asembleas por iso están de acordo con que se siga avanzando e negociando pero pide que neste claustro non se decida nada, senón que sexan os diferentes centros os que decidan se se acollen ou non a este calendario transitorio. Non queren ser un freo a este cambio pero defende que a postura do alumnado sexa respectada e tomada en conta nos diferentes centros.

O profesor Sánchez Bello manifesta o seu agrado, a nivel individual, polo cambio do calendario, aínda que considera que non houbo un debate profundo sobre o tema. Como director de centro preocúpalle ese 15% de alumnos que entran en setembro, xa que a algúns centros lles afecta máis que a outros.

O profesor Tojo di que desde o principio opinou que a proposta do novo calendario ten aspectos moi positivos pero que era necesario unha coordinación coas outras dúas universidades e coa consellería ademais dun debate profundo. Considera que este calendario está descoordinado coas outras universidades españolas, coas galegas, coa consellería, cos alumnos e co PAS. Considera que estamos no momento de retirar o punto da orde do día e realizar unha análise máis profunda xa que non hai ningunha urxencia e non está de acordo con que cada centro faga o que lle pareza. Coincide con outras intervencións en que non se opón pero que o tema está moi verde.

Intervén de novo o reitor agradecendo todas as intervencións que considera moi construtivas.

En resposta aos señores Cebro e Durán di que se este claustro considera que o tema é de interese a continuación trataranse os asuntos concretos nos órganos oportunos e intentarase buscar as solucións aos problemas que se susciten.

En relación coa intervención dos profesores Reigosa e Gallego pídelles que non traten de uniformar o espazo europeo xa que é moi variado e diverso así por exemplo as universidades británicas teñen por cuadrimestre 13 semanas de clase e dúas de exames e moi poucas teñen 14 semanas de clase. O espazo europeo non require que fagamos cuadrimestres de 18 semanas, ao final, o estudante que se ten que presentar a todas as convocatorias ten unhas 38 semanas mínimo de traballo. Na simulación que se presenta do novo calendario os exames non interrompen o calendario lectivo e ese é un dos obxectivos a conseguir.

En resposta a profesora López de Silanes está de acordo con que o cambio do calendario ten que ter moi en conta aos estudantes de primeiro que aproban a selectividade en setembro e que se incorporan un mes máis tarde polo que necesitarían un tratamento especial.

Finalmente, e en relación co tema de que os centros decidan, cre que é importante dar folgoras xa que as facultades son diferentes e nunhas titulacións é máis fácil de poñelo en práctica que noutras, considera que podemos buscar unha fórmula na que teñamos moitas cousas en común pero que poida haber algunha diversidade.

Remata a súa intervención facendo a seguinte proposta:

1º O claustro decide continuar os traballos de análise e formulación de propostas do novo calendario académico.

2º Que o vindeiro curso poidan adiantarse os exames de setembro a xullo nas titulacións que así o decidan, co apoio expreso dos estudantes da Xunta de Centro.

Con esta proposta este ano non hai que cambiar nada nos centros que sigan facendo os exames en setembro, soamente se adiantaría 5 días o comezo de curso. Os centros que decidan adiantar os exames de setembro a xullo, poderían optar polo modelo de realizar nas tres convocatorias os exames de todas as materias.

Na quenda de réplica intervén en primeiro lugar o señor Cebro para insistir en que antes de tomar unha decisión deste tipo se reúnan os comités de empresa, a xunta de PAS e de PDI e estuden a repercusión que pode haber no persoal coa implantación do novo calendario.

O profesor Gallego insiste en que hai catro convocatorias de exame, isto implica interromper calquera período lectivo. No EEES non ten porque haber período específico de exames. Pregunta por qué temos que seguir cun sistema de cuadrimestres se podemos pensar nun sistema trimestral. Considera que xorden problemas serios relacionados coa selectividade e coa matrícula e opina que non sería bo que cada centro vaia por libre.

O profesor Reigosa insiste en que se do que se trata e de pasar dun sistema presencial a un sistema que destaque o traballo do alumno e as 15 semanas non son suficientes. Parécelle ben a proposta de deixar aberta a posibilidade de que os centros decidan facer unha experiencia piloto co novo calendario xa que así poden os demais aprender deles.

Ao profesor Tojo parécelle correcto o primeiro apartado da proposta pero non así o segundo xa que non hai urxencia de levalo a cabo e implicaría unha grave descoordinación na universidade. Cre que primeiro hai que facer o debate e despois conseguir que os centros se incorporen.

O reitor di que nestes momentos hai exames ordinarios ata o 9 de xullo e se o curso que ven algunhas titulacións pasan os exames de setembro a xullo non afecta dun xeito importante á vida de ningún centro. Insiste en que na segunda parte da proposta non implica descontrol senón que hai centros que así poderían decidir levar a cabo unha experiencia de pasar os exames de setembro a xullo e o resto sería igual. O Consello de Goberno dará unha datas orientativas para os centros que tomen esa decisión , pero deixará folgas. Entende que esta é unha postura que pode unir ao claustro.

Varios claustrais piden aclaracións e que se repitan os termos da proposta que son exactamente:

1º O claustro decide continuar os traballos de análise e formulación de propostas do novo calendario académico.

2º Que o vindeiro curso poidan adiantarse os exames de setembro a xullo nas titulacións que así o decidan, co apoio expreso dos estudantes da Xunta de Centro.

Finalmente apróbase a proposta por asentimento.

**Punto 5.-** Aprobación, se procede, da proposta de equiparación do persoal docente a tempo completo procedente da antiga Escola Universitaria de Relacións Laborais, cos Titulares de Escola Universitaria a efectos de representación en órganos colexiados.

Apróbase por asentimento.

**Punto 6.-** Aprobación, se procede, do proxecto de regulamento de profesorado elaborado pola comisión nº 3 do Claustro Universitario.

A vicerreitora de organización académica e profesorado, presidenta da comisión do claustro encargada de elaborar o Regulamento de profesorado, fai a presentación da proposta que se somete a aprobación.

O proxecto que se presenta foi aprobado pola comisión por unanimidade, foi enviado a todos os claustrais abríndose o correspondente prazo de presentación de emendas. As emendas presentadas foron analizadas pola comisión que acordou incorporar, ben de forma directa ou realizando algún tipo de transacción, a maior parte das emendas presentadas. Ademais incorporáronse melloras e precisións de tipo técnico chegando así a unha versión final, que foi aprobada de novo por unanimidade, e da que os claustrais teñen a disposición unha copia.

Considera que tras os acordos acadados temos un regulamento de profesorado de consenso. Trátase dun texto suficientemente flexible para que poida seguir tendo validez diante de procesos abertos e pendentes de concreción como son:

- A anunciada reforma da LOU.
- A adaptación ao EEES.
- O novo decreto de profesorado funcionario.
- A aprobación do convenio colectivo do PDI das universidades galegas.

Todo isto fai que determinados aspectos de desenvolvemento e concreción do texto do regulamento teñan que ir aprobándose en Consello de Goberno adaptándose aos cambios normativos de rengo superior que se produzan.

A continuación pasa a citar as cuestións máis relevantes que foron introducidas no proxecto de regulamento tras o estudo e análise das emendas presentadas.

Remata a intervención agradecendo en nome da comisión que elaborou este regulamento a colaboración de todos os membros da comunidade universitaria que contribuíron coas súas propostas a mellorar a versión inicial e moi en particular aos claustrais que presentaron emendas así como aos servizos da universidade que presentaron propostas de tipo técnico ou de cambio de redacción para unha correcta adaptación ao marco legal.

Ábrese unha rolda de intervencións.

O profesor Durany mostra a súa satisfacción por chegar a un documento único e consensuado. Non está de acordo co manifestado por algunha asociación de profesores que, polo feito de que non se consultou con eles, consideran que non é un documento consensuado. Este regulamento sae do claustro que é o máximo órgano de representación e control da



comunidade universitaria. Pide que se manteña un pouco de ética cando se envían notas á rede.

O profesor Gallego fai unha intervención en representación da AGPTU que se recolle no Anexo II.

O profesor Tojo agradece a actitude positiva da comisión ante as emendas presentadas por Nova universidade e á hora de transaccionar as emendas relacionadas coa promoción de profesores asociados que acrediten dedicación continua e a tempo completo na universidade e a equiparación dos contratados Parga Pondal aos Ramón y Cajal.

A redacción final presentada recolle as emendas presentadas polo que o apoia. Di que é un regulamento elaborado pola comisión do claustro que é quen ten que facelo e dille ao profesor Gallego que tivo oportunidade de presentar emendas. Considera que é certo que non regula demasiado pero nestes momentos iso é bo xa que hai moitas posibilidades de que haxa modificacións que lle poden afectar. As vantaxes principais do regulamento están nas disposicións transitorias.

Intervén de novo a vicerreitora de organización académica e profesorado di que o profesor Gallego insiste moito na intervención da xunta do PDI, pero unha parte importante deste regulamento é a transitoria primeira que afecta soamente ao profesorado contratado laboral que non pertence á xunta do PDI, por iso insistir nese tema lle parece impropio.

Insiste en que é un regulamento aberto a posibles modificacións polo que pode pervivir moito tempo, deixa un horizonte claro ao profesorado contratado desta universidade.

Rematadas as intervencións o reitor propón aprobar este regulamento por asentimento.

Apróbase por asentimento o Regulamento de profesorado. (Anexo III)

**Punto 7.-** Elección das seguintes vacantes no Consello de Goberno:

Sector estudantes: 1.

Sector Decanos/Directores de centros, departamentos e Institutos Universitarios de Investigación: 4.

No sector estudantes hai unha candidatura para cubrir un posto vacante polo que sae elixido D. Xosé Daniel Baz Alonso.

No sector Sector Decanos/Directores de centros, departamentos e Institutos Universitarios de Investigación hai catro candidaturas presentadas para os catro postos vacantes polo que saen elixidos:

D. Celso Campos Bastos (Director do Departamento de Informática)

D. Miguel A. Nombela Castaño (Decano da Facultade de Ciencias do mar)

D. Pedro F. Rabanal Carbajo (Decano da Facultade de Dereito)

D. Manuel Varela Lafuente (Director do Departamento de Economía aplicada)

**Punto 8.-** Elección do presidente do Tribunal de Garantías e dos seguintes postos vacantes no mesmo:

Sector profesores funcionarios doutores: 2.

Sector outro persoal docente e investigador: 1.

Sector estudantes: 1

As candidaturas presentadas son as seguintes:

Sector profesores funcionarios doutores: Dona Inmaculada Valeije Álvares.

Sector estudantes: D. Jesús del Val García  
D. Diego González López

Non hai candidatos a Presidente do Tribunal de Garantías nin ao sector de outro persoal docente e investigador.

Realizada a votación o resultado foi o seguinte:

Sector profesores funcionarios doutores:

Dona Inmaculada Valeije Álvares.....30 votos

Sae elixida por acadar a maioría de 2/3 dos presentes dese sector.

Sector estudantes:

D. Jesús del Val García ..... 19 votos

D. Diego González López.....1 voto

Sae elixido D. Jesús del Val García por acadar a maioría de 2/3 dos presentes dese sector.

Quedan os seguintes postos vacantes no Tribunal de Garantías:

Presidente

Sector profesores funcionarios doutores: 1

Sector outro persoal docente e investigador: 1

**Punto 9.-** Elección de representantes dos estudantes na mesa do Claustro e na Comisión electoral: un e dous postos vacantes respectivamente.

Non hai candidaturas presentadas.

**Punto 10.-** Elección dos seguintes postos vacantes nas comisións encargadas de elaborar os regulamentos:

Comisión nº 1 (Regulamento de réxime económico e contratación e Regulamento de PAS): 4 estudantes.

Comisión nº 4 (Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia e Regulamento de institutos universitarios): 2 estudantes.

Comisión nº 5 (Regulamento de centros e Regulamento de departamentos): 1 outro persoal docente e investigador e 1 estudante.

Comisión nº 6 (Regulamento do tribunal de garantías e Regulamento de réxime disciplinario): 4 estudantes.

Non hai candidaturas presentadas.

**Punto 11.-**Rogos e preguntas.

O señor Álvarez Moreiras entrega por escrito os seus rogos e preguntas. (Anexo VI)

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:15 horas do día 14 de xuño de 2005, da que eu como Secretaria Xeral dou fe co Vº e pr. do Reitor.

O Reitor

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Mª Teresa Iglesias Randulfe